

Sábado 17.xullo.2004

SABADO

Galicia Hoxe

ÚNICO DIARIO EN GALEGO

LATITUDES



RAFAEL CATALÁ

"A composición sempre manda"

Aída que naceu en Castellón de la Plana e vive en Tarragona, este pintor é un habitual das exposicións en Galicia, sobre todo na galería Arte Imaxe da Coruña.

¿Como contactou con Galicia?

Hai xa moitos anos. Nunha exposición que fixen en Madrid, a galerista coñeceu a miña obra e parea interesante así que negociamos para traela ata A Coruña. Logo isto converteuse case nun hábito xa que agora e a cuarta vez que expoño.

¿Pintura moi realista?

Hai un realismo nas figuras que están nos primeiros planos, pero unha abstracción nos fondos. De feito, esta obra xa a teño superada por outra na que a abstracción chega a dominar máis.

¿Prepara moito as composicións?

A composición sempre manda na pintura, tanto realista como abstracta. Un cadro que non estea

ben composto sempre presenta graves problemas de equilibrio.

¿Bosquexa os temas?

Digamos que os estudo moito, pero non fago bocetos. Pinto as liñas sobre a tea directamente ata que chego a atopar a composición que estou a buscar, e cando creo que xa a teño é cando comezo a manchar coa pintura ata que chego ó final desexado.

¿Pinta temas que ten diante?

Nun principio preparo o que quero pintar, case sempre sobre unha mesa e con algún tapete ou mantel que estea enrugado, porque me gusta loitar coas dificultades das dobreces da tea. Logo, segundo vou pintando elimino algúns elementos dos que teño diante ou coloco outros que non estaban previstos.

E ademais ten moita importancia a iluminación...

É un tema que me preocupa moito. A luz non é a natural, senón

que con focos ilumino aqueles partes que quero subliñar máis incluso utilizo diferentes intensidades lumínicas. Por iso nos cadros aparecen fondos xeralmente moi escuros coas figuras centrais moi iluminadas.

¿Lévalle moito cada cadro?

Son traballosos, o que pasa é que pinto catro ou cinco ó mesmo tempo porque hai que ter en conta que levan capas superpostas de pintura e ás veces transparenacias, así que hei de deixalos secar varios días para que cando pinto por enriba non estrague o d'abaixo. Por iso, para non perder tempo comezo outro e por eso son varios os que están na 'rebotca' esperando ser rematados.

¿Dixome que agora está a cambiar de estilo?

Si, regreso a unha abstracción que xa cultivei cando era máis novo, engadindo ademais bastante materia como collages de teas e papeis. ● ALBINOMALLO